

Co espectáculo *Xogos Máxicos* do Mago Norberto (Alemaña), comezará o sábado día 27 de decembro o III Circuito Galego da Maxia. Até o día 10 de xaneiro ás 19 horas, a Casa da Cultura de Verín ofrecerá nas tardes dos sábados este ciclo de tres galas máxicas. Os espectáculos *Maxilusión*, de Javier Muro, e *A nosa maxia* de Cyrille Sinclair (Francia), que clausurará o ciclo, completan a programación. Os actos están enfocados ao público familiar e son de acceso libre ao patrocinados o Concello de Verín e a Consellería de Cultura e Deportes.